

GUÍA DE LECTURA

Rugando *ou o misterio* *do cuarto secreto*

CELIA DÍAZ NÚÑEZ



EDITORIAL GALAXIA

COSTA OESTE

Contido

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ANTES DA LECTURA	4
2.1. FICHA TÉCNICA	4
2.2. CUBERTA E CONTRACAPA	5
2.3. BOOKTRAILER	5
2.4. ESTRUTURA EXTERNA	5
3. DURANTE A LECTURA	7
3.1. VOCES NARRATIVAS	7
3.2. ESPAZO.....	8
3.3. TEMPO	11
3.4. PERSONAXES	11
3.5. TEMAS.....	12
3.5.1. A siderurxia tradicional galega no século XIX: as ferrerías	12
3.5.2. A alquimia	14
3.5.3. Etnografía e cultura popular	16
3.5.4. Referencias literarias	16
3.5.5. Protagonismo feminino	18
3.6. LINGUA. GLOSARIO DE TERMOS DA FERRERÍA	18
4. DESPOIS DA LECTURA.....	22

1. INTRODUCCIÓN

Lector, lectora:

Grazas por achegarte a estas páxinas.

Permíteme que te acompañe, mentres o desexes, no teu camiñar por esta viaxe que estás a punto de iniciar. O meu propósito é compartir contigo algúns traxectos deste percorrido, suxerirche paradas ou atallos que complementen a túa lectura persoal.

E vou comezar polo principio:

Como naceu esta historia?

Naceu, como outras novelas miñas, no mesmo lugar en que transcorre a acción. Unha tarde de verán de hai varios anos, encontrábame en Rugando e contemplaba a beleza esgrevia da paisaxe e o edificio en ruínas dunha vella ferrería. Entón vin aproximarse unha muller que guiaba un rabaño de ovellas. Avanzou de esquerda a dereita pola estrada, pasou por diante miña e desapareceu nunha revolta do camiño que leva cara aos lugares de Cereixido e Vilarmel. Quedei mirándoa e souben que alí había unha historia; unha historia de misterio, sen dúbida. Se les con atención a novela, verás esta mesma escena, mais agora en sentido contrario, e protagonizada por unha rapaza noviña que regresa á casa coas ovellas da “veceira”.

Mentres escribía a novela volví a Rugando moitas veces. Sentaba a carón do río Soldón para escoitar a súa canción leda, observaba, imaxinaba detalles e circunstancias, buscaba localizacións concretas... Nunha das últimas viaxes comprobei que a restauración do edificio posibilitara a súa conversión nunha fermosa casa rural. Visitei o comedor, a sala da lareira... falei coa rapaza da recepción... e entón atopei o personaxe de Aurora. Quizais non se lle pareza, en realidade, pero así é como eu a recordo.

Despois, consultei varios libros sobre ferreiros e alquimistas, visitei as boticas de Samos e de Silos, estiven na Porta Máxica en Roma, coñecín a Ferrería de Mirandaola e o Museo do Ferro Basco en Legazpi (Gipúscoa), percorrín o camiño do Ferradal... E así, foi nacendo aos poucos a historia que agora tes entre as mans.

Oxalá che guste!!

2. ANTES DA LECTURA

2.1. FICHA TÉCNICA

TÍTULO: *RUGANDO
OU O MISTERIO DO CUARTO SECRETO*

AUTORA: CELIA DÍAZ NÚÑEZ

EDITORIAL: GALAXIA

COLECCIÓN: COSTA OESTE

NÚMERO DE PÁXINAS: 136

DATA DE PUBLICACIÓN: 2021

ISBN: 978-84-9151-592-0



**Premio Pura e Dora Vázquez
de Literatura Infantil e Xuvenil 2012**

1. Que che suxire o título (*Rugando*)? E o subtítulo (*O misterio do cuarto secreto*)? Que tipo de obra agardas atopar?
2. *Rugando* é un topónimo correspondente a un lugar situado no sur da provincia de Lugo, no concello de Quiroga e, máis exactamente, unha casa rural na beira do río Soldón. Nese espazo transcorre a maior parte da acción novelesca.

Podes ver imaxes da casa e da paisaxe na páxina de Facebook da casa rural: Casa Grande da Ferrería de *Rugando*.


Podes ver tamén un vídeo correspondente ao capítulo inicial da novela neste enlace: [Capítulo 1](#) 🖱️

🍷 Coñeces outras novelas que transcorran en escenarios reais?

2.2. CUBERTA E CONTRACAPA

3. Fíxate na imaxe da cuberta. Que elementos destacas? Quen cres que é o personaxe? Dáche algunha pista o seu vestiario? A que actividade parece dedicarse? Pona en relación co título. Xa tes unha idea máis clara da temática?
4. Mira agora a sinopse da contracapa. Que palabras che resultan máis explícitas acerca do contido? Corresponde co que ti xa supoñas? Quen son os personaxes protagonistas?

2.3. BOOKTRAILER

5. Visualiza o [booktráiler](#) . Como ves, nuns poucos minutos sintetiza o contido principal da obra.

Engade algunha idea á imaxe que xa formaras sobre a novela? Cambia a túa perspectiva sobre a historia?

Que son os dous personaxes? En que lugar se encontran?


Sabes que é a alquimia? E a pedra filosofal? Sabes que representan os 7 símbolos finais?

2.4. ESTRUTURA EXTERNA

Se abrimos agora a novela, diferenciamos os seguintes apartados:

 Mapa dos escenarios da novela


 Citas

 Distribución da historia en 3 partes:

PRIMEIRA PARTE. O CUARTO SECRETO (11 capítulos)

SEGUNDA PARTE. O SOL DA ALQUIMIA (16 capítulos)

EPÍLOGO (1 capítulo)

 Índice

6. O mapa recolle a localización dos lugares en que transcorre a acción: Rugando, Quiroga, Samos, Outeiro, A Seara, Montefurado...

Coñeces ese espazo xeográfico?


Liches algunha obra literaria que transcorra nalgún deses lugares?

7. Fíxate nas tres citas iniciais:

—Eduardo Moreiras é un escritor quirogués (Quiroga 1914 – Vigo 1991), autor de libros de narrativa e de poesía, algúns deles localizados en lugares deste concello: *Os nobres carreiros*, *Primavera no Lor*, *Follas de vagar*, etc. Como ves, os versos citados describen as augas bravas do río Soldón ao pé da serra Rocaboa, ao seu paso por Rugando, Paradapiñol...

—A cita de J. K. Rowling remite ao primeiro libro da saga *Harry Potter* e fai patente a importancia que a alquimia vai ter na novela.

—E, por último, Hermes Trimexisto aparece varias veces citado nestas páxinas, pois precisamente a alquimia tamén se denomina “ciencia hermética”, na súa honra.

 Cantos deses autores coñeces? Que relación cres que teñen os seus textos coa novela?

3. DURANTE A LECTURA

3.1. VOCES NARRATIVAS

Na novela alternan dúas voces narrativas principais e, por tanto, tamén cambia o punto de vista ou perspectiva desde a que se conta a historia.

VOCES NARRATIVAS		
Primeira parte	Segunda parte	Epílogo
Guión documental. Narradora en 1ª persoa. Eu-protagonista (Olalla).	Narrador omnisciente en 3ª persoa.	Narradora en 1ª persoa. Eu-protagonista (Olalla).

O capítulo 1 contén tres secuencias do guión da rodaxe dun documental para a TVG, coas indicacións sobre localizacións, planos, movementos de cámara, etc., seguidas das palabras locutadas polo presentador e mediante as cales se presenta o escenario e a historia do lugar.

E xa na páxina 14 dá paso á voz da protagonista: Olalla, unha rapaza que será quen relate as descubertas que ela e dous colegas van ir realizando durante os poucos días de estancia na casa rural. Como narradora protagonista en primeira persoa, Olalla só pode contar o que acontece cando ela está presente: o que percibe, o que pensa, o que lle contan e inclúe os diálogos que mantén cos outros personaxes.

Esta narradora reaparece no “Epílogo” para cerrar a historia e dar conta do resultado das súas pescudas e pechar a novela. Ou quizais a porta queda un chisco entreaberta?

A segunda parte contén un narrador omnisciente que conta, describe, analiza e opina. Sabe absolutamente todo de todos os personaxes: o pasado, os desexos, temores, conversas, etc.

8. Identifica no capítulo 1 da primeira parte os diferentes tipos de letra (tipografías) empregados. Diferencia entre as secuencias do guión (indicacións técnicas, monólogo do presentador / diálogo coa propietaria da casa) e as intervencións da narradora en primeira persoa.

Localiza exemplos desde o punto de vista do eu-protagonista.

9. Localiza no capítulo 1 da segunda parte exemplos da omnisciencia do narrador en terceira persoa.

Que sente frei Bernardo ao contemplar a inmensidade da serra do Courel? Que acontecemento pasado lembra? Como se sente ante a nova vida que inicia? Que opinión ten Toño do monxe?

3.2. ESPAZO

O espazo desenvolve un papel esencial na novela. O escenario principal sitúase en Rugando, marco físico principal e coprotagonista da historia. Un espazo real, como dixemos. Un dos obxectivos que me propuxen foi dar protagonismo á paisaxe, visibilizar un territorio de gran beleza e cunha historia que merece ser contada.



A primeira parte comprende unha pequena zona xeográfica, coa casa rural / antiga ferrería como centro da acción, e cuxos límites narrativos se amplían ata a vila de Quiroga polo NO e Montefurado polo SO.

Na segunda parte, o escenario agrándase e esténdese ata Samos, pois do mosteiro alí situado procede frei Bernardo. Tamén se describen os lugares do percorrido inicial —capítulo 1 da segunda parte— que corresponden á serra do Courel: A Seara, Outeiro... os cumes de Pía Páxaro, Formigueiros, Montouto...

O “Epílogo” transcorre de novo en Rugando, no interior da casa rural e en dirección á estrada que conduce ata a N-120, punto principal de acceso ao lugar.

10. Podes ver no mapa a localización exacta deste lugares.

Mapa dos escenarios da novela



11. En [Googlemaps](#) podes acceder a un mapa dos escenarios da novela, coa indicación do percorrido realizado na primeira e segunda parte.

12. E tamén podes consultar o blog de Ramón Vila Anca, que nos dá a coñecer itinerarios e puntos de interese do concello de Quiroga, acompañados de detalladas indicacións, planos e imaxes de gran calidade que convidan a un demorado paseo gozando da paisaxe. Entre outras rutas, atoparás información e mapas sobre o [Camiño do Ferradal](#), que percorre o monxe na segunda parte da novela (capítulo 12).

Tamén podes consultar o [mapa](#) da autoría de Ponte Barreiro sobre este mesmo itinerario.

3.3. TEMPO

A novela sitúase en dous tempos: o noso presente e os comezos do século XIX.

Presente e pasado alternáanse segundo este esquema temporal:

TEMPO DA HISTORIA OU TEMPO EXTERNO		
Primeira parte	Segunda parte	Epílogo
Presente (século XXI)	Século XIX	Presente (século XXI) Elipse temporal

Ademais das datas concretas, as referencias historiográficas e as alusións a obxectos cotiáns permiten situar os acontecementos nunha época determinada.

13. Que data concreta se cita no capítulo 1 da segunda parte, páx. 62?
14. En que ano se produce a desamortización de Mendizábal? En que consiste? Que repercusións vai ter para a ferrería de Rugando? (cap. 14 e 16 da segunda parte).
15. Que medios de comunicación empregan na primeira parte para desprazarse? Que redes sociais manexan?
16. E na segunda parte? Como se despraza o monxe desde Samos ata Rugando (capítulo 1)? E para realizar a viaxe en dirección contraria (capítulo 12)?

En canto ao **tempo interno**, é dicir, o tempo que duran os acontecementos narrados na historia, diferenciamos:

TEMPO DO DISCURSO OU TEMPO INTERNO		
Primeira parte	Segunda parte	Epílogo
Uns poucos días	Varios anos	(Elipse) Uns minutos

17. En que época do calendario se sitúa a acción da primeira parte? Canto tempo transcorre desde o capítulo 1 ata o 11?
18. E na segunda parte, cantos anos poderían transcorrer desde o capítulo 1 —chegada a Rugando de frei Bernardo— ata o remate no capítulo 16? Que circunstancias ambientais van marcando o paso do tempo? Como afectan ao ciclo vital dos personaxes? Que tarefas corresponden a cada estación?
19. Entre a primeira parte e o “Epílogo” prodúcese unha elipse de varios anos. Canto tempo cres que puido pasar desde que Olalla abandona a casa rural (capítulo 11 da primeira parte) ata que regresa (“Epílogo”)?

3.4. PERSONAXES

Podemos clasificar os personaxes de acordo coa súa participación nas 3 partes en que se divide a novela:

PERSONAXES		
Primeira parte	Segunda parte	Epílogo
Olalla Anxos André Sara O equipo da TVG	Frei Bernardo Frei Anselmo Aurora Amadora Legazpi Os ferróns Os criados O Roxo e a súa banda	Olalla Sara

20. Cales son os personaxes principais de cada parte?
21. Por que razón Olalla oculta parte da información aos seus amigos?
22. A alquimia convértese no tema principal da segunda parte. Que persoas reais de distintas épocas se citan en relación con ela? Que papel cumpren na novela?
23. Que lugares visitou Aurora ao longo da súa vida? Por que se molesta cando Olalla contempla as súas fotografías? Cres que esta información pode ser importante?


24. Entre Olalla e Aurora establécese certa tensión e desconfianza mutuas. Por que razón?
25. Frei Bernardo semella ser o personaxe central da segunda parte. No comezo, é o continuador da tarefa encetada por frei Anselmo, o monxe que o precedeu. Porén, ao avanzar a acción, que outro personaxe acadada maior relevancia?
26. Onde naceu frei Bernardo? Por que bota en falta o mosteiro de Samos? Cres que representa ben o perfil dun monxe daquel tempo?
27. O nome Aurora resulta moi acaído, tendo en conta o físico da rapaza. Frei Bernardo decátase de que pode ser mesmo profético, por que razón? (cap. 13-II).

3.5. TEMAS

3.5.1. A siderurxia tradicional galega no século XIX: as ferrerías

A produción tradicional do ferro foi moi importante en Galicia, como demostra a abondosa presenza do termo na toponimia (Ferreira, Ferreirós, Ferraría, Ferreirúa...) e tamén os restos de moitas fundicións —en ruínas as máis delas—. A existencia na provincia de Lugo de numerosas ferrerías (así o testemuña o libro de Clodio González *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*) indica que se trataba dunha floreciente industria: a produción do ferro era abundante e o metal acadaba un alto prezo. Estas “fábricas de ferro” eran, pois, un lucrativo negocio que, asemade, daba ocupación a moitas persoas e proporcionaba o metal necesario para a elaboración de apeiros agrícolas, utensilios domésticos, etc. Mais no século XIX comeza a súa decadencia.

28. En que século foi fundada a ferrería de Rugando? A quen pertencía? Ata que data continuou producindo ferro? Por que razón foi vendida e pasou a mans privadas? (cap. 1-I, 14 e 16-II).



29. A proximidade do lugar de onde procedía o mineral e a existencia dun río que achegaba a forza hidráulica para mover os mazos, xustifica a localización desta ferrería en Rugando.

🪵 De onde procede a materia prima ou vea? Que río pasa polo lugar? Localízaos no mapa.

30. Pola zona existían outras ferrerías similares: A Rodela, Quintá, A Gorgueira... Con cal delas establece relación, polo menos en dúas ocasións, frei Bernardo? Localiza a súa posición no mapa.

31. Cantas persoas eran necesarias para o correcto funcionamento destas ferrerías hidráulicas? (Cap. 4- II)

Fíxate no gravado da páxina seguinte e identifica a acción que están realizando.

Consulta tamén no glosario a definición destes termos.




Gravado do século XVI incluído en De Re Metallica, obra de J. Agrícola, que representa o proceso de elaboración do ferro.

32. Podes ver en Youtube un vídeo coa recreación do traballo nunha ferrería, rodado en Mirandaola Burdinola – Ferrería (Legazpi) (https://youtu.be/VqIsd_cMoxs 🖱)

33. A presenza de ferróns vascos dirixindo as siderurxias galegas, analizada no libro citado de Clodio González, xustifica o personaxe de Íñigo de Legazpi.

🍷 De que lugar procede? En que ferrería traballaba antes? Que historia milagrosa aconteceu nese lugar? (Fíxate na imaxe superior da dereita.) Que deporte tradicional vasco practicaba? (Capítulos 2, 5, 10 – II).

34. A actual fábrica de cerámica de Sargadelos naceu tamén como siderurxia e instalouse nun lugar onde dispuxese de auga todo o ano e abundante combustible. Pescuda información na [páxina web](#) 🖱 da empresa sobre os altos fornos instalados en 1794.



3.5.2. A alquimia

O primeiro libro da saga *Harry Potter* incorpora a alquimia e a pedra filosofal, un tema moi presente na literatura e no cine. Foron moitos os científicos e investigadores que ao longo dos séculos se achegaron á denominada “ciencia hermética”: Isaac Newton, Roger Bacon, Paracelso, Tomé de Aquino..., nuns casos con curiosidade e interese; noutros, con total rexeitamento. E son tamén moi numerosos os libros publicados sobre a mesma.

35. Ademais das notas manuscritas de frei Anselmo (con indicación da obra da que proceden), frei Bernardo ten varios libros sobre o tema. Que títulos en concreto consulta? En que linguas están escritos? (cap. 5-I).

36. Na novela están presentes distintos tipos de letra (ou fontes) para reflectir a procedencia dos textos que están lendo os personaxes. A saber:

a) Libros impresos, moitos deles moi antigos. Son libros procedentes do mosteiro de Samos que descubren nunha arca Olalla e os seus amigos e que se converteron en lectura principal de frei Bernardo e Aurora.

b) Anotacións manuscritas no caderno de coiro do monxe. Neste caso, ademais, hai —tal e como se decata Olalla— tres tipos de letra diferentes:

Sigo pasando as páxinas e decátome de que, nalgún momento, a letra cambia. A grafía angulosa do principio dá paso a uns trazos máis redondeados. Será que o caderno pasou a outras mans? Máis adiante, descubro unha terceira letra, neste caso máis parecida á miña ou, por dicilo doutro modo, unha letra máis moderna, máis actual.

—Este caderno foi escrito por tres persoas distintas —digo en voz baixa, sen saber aínda que significado ten o meu descubrimento.

(Cap. 7-I)

– Localiza exemplos de cada fonte.

– A quen corresponden as tres letras do caderno? Por que razón cres que non hai ningún exemplo da terceira letra manuscrita, da que Olalla define como “máis actual”?

37. Cales eran os obxectivos que procuraban os alquimistas? Localiza e explica algúns símbolos alquímicos (cap. 7-I).

38. Que materiais precisaban para levar a cabo os seus experimentos? (cap. 5-I, 6-II).

39. O vocabulario da alquimia resulta tan escuro como os complexos experimentos realizados. Cal das explicacións para a elaboración do elixir che parece máis clara, sinxela para elaborar?

40. Quen son Nicolás Flamel e Petronilla? (cap. 8-I). Relaciona a lenda co que lle acontece a frei Bernardo I (cap. 16-II). Que cres que sucedeu?

3.5.3. Etnografía e cultura popular

A segunda parte da novela contén referencias sobre a vida nunha aldea da Galicia do século XIX: os traballos de cada estación, a vivenda, a alimentación, os oficios, a medicina tradicional, as actividades de lecer...

41. O coñecemento das plantas e a súa aplicación para a curación de diversas doenzas é un dos saberes que frei Bernardo transmite a Aurora. (cap. 4, 7, 15-II). Coñeces algúns destes remedios da medicina tradicional galega?
42. O traballo na ferrería era unha ocupación estacional (só se realizaba nos meses en que o río levaba auga suficiente), no resto do ano os personaxes dedicábanse a outras tarefas. Cales? (cap. 9 e 11-II).
43. A veceira era unha práctica de pastoreo comunal. En que consiste? (cap. 2 e 8-II).
44. Os contos contados a carón do lume eran boa diversión para as noites de inverno. Resume a historia relatada por Eladio (cap. 8-II). Que suceso do capítulo 9-II será relatado e enriquecido nas sucesivas versións do mesmo? Que outro acontecemento se converterá tamén no futuro en conto de transmisión oral (cap. 16-II)?
45. Os fiandóns permitían a reunión da mocidade do lugar. Le a descrición do cap. 9-II e explica en que consistían.
46. A vivenda tradicional da comarca ten unhas características que permiten diferenciala da doutras zonas de Galicia. Fíxate na descrición no cap. 1-I e 2-II. Que é un corredor? Que dependencias contén a casa? Onde se encontran as cortes dos animais?

3.5.4. Referencias literarias

Chámase **intertextualidade** á relación que se establece entre textos literarios (contemporáneos ou anteriores), de maneira que unha obra fai unha alusión explícita ou implícita a outra.

Esta novela, xa desde as citas iniciais, establece un diálogo con algunhas obras e autores que xa comentamos: Eduardo Moreiras, *Harry Potter*.



Podes consultar nesta obra o uso das herbas na medicina tradicional

Pero a vinculación máis directa establécese con Ánxel Fole e algúns dos seus contos, especialmente cos contos de lobos. Así o fan constar estas dúas recensións da novela:

Rugando é tamén unha homenaxe ao mestre Ánxel Fole [...] aparece expresamente citado en varias ocasións ao longo da novela. Neste sentido, moitos dos parlamentos que tras da lareira manteñen os personaxes da obra son unha recreación admirativa do modelo foleano que, como xa dixeran, aquí se quere lembrar en recoñecemento (Armando Requeixo).

Unha serie de sutís referencias metaliterais, Díaz Núñez evoca os contos de Ánxel Fole mentres constrúe un relato de natureza moi semellante aos mesmos (Cristina Fernández Santomé).

47. No capítulo 2 da primeira parte, Olalla descobre un libro de Fole na sala da lareira da casa rural. De que libro se trata? Coñeces ese libro? Le o relato “Os lobos” e localiza o fragmento citado por Olalla.

Ese fragmento aparece recreado (intertextualidade, pois) outras dúas veces na novela: nos xa citados capítulos 8 e 16-II. Fíxate no paralelismo que existe entre os tres textos.

48. *Rugando* ou *O misterio do cuarto secreto* é tamén o xermolo doutra obra miña, e que é unha recreación novelada da construción do túnel de Montefurado. No capítulo 7-I podes ler:

Despois de comer baixamos ata a vila e aproveitamos para comprar algún cousas que precisamos. De regreso, imos ata Montefurado para ver o túnel escavado polos romanos, do que tantas veces lle oíra falar a meu pai. O túnel máis grande de todos os abertos polos romanos na Península Ibérica, polo século II, na época do emperador Traxano, explicáranos. Ao contemplar a boca inmensa —Boca do Monte é o nome co que é coñecido no lugar—, impresionárame a magnitude da obra realizada para arrebatarlle ao río Sil as desexadas areas de ouro.



Se che apetece achegarte a esta historia de romanos e castrexos valentes, podes ler a miña novela *A boca do monte* (Editorial Galaxia, 2016).

3.5.5. Protagonismo feminino

Aínda que poida parecer que o monxe frei Bernardo é o personaxe principal da novela, a realidade é ben distinta: tanto na primeira parte, como na segunda e no “Epílogo”, son rapazas e mulleres as protagonistas principais. Tamén as que acadan o éxito desexado, mesmo alí onde con anterioridade outros fracasaron.

49. Olalla, desde a súa posición privilexiada como narradora-protagonista, presenta o enigma e explica no “Epílogo” a súa resolución. Como é a súa relación cos colegas, André e Anxos? Que calidades especiais ten que lle permitirán descubrir o misterio agochado tanto tempo?
50. Na segunda parte, son varias as mulleres que participan da acción. Que representa Amadora? E Carme?
51. Aurora adquire paso a paso maior importancia. Que calidades destacan na súa personalidade? Que diferenzas observas coas outras mulleres coas que convive? Fíxate na importancia de frei Bernardo na súa educación. Relaciona coa instrución recibida polas mulleres no século XIX.


3.6. LINGUA.

GLOSARIO DE TERMOS DA FERRERÍA

A localización temporal dunha novela no século XIX obriga á presenza de palabras daquel tempo, algunhas hoxe xa desaparecidas (é o caso da denominación das moedas empregadas nesa época). Ademais, a alquimia e as ferrerías son ámbitos que contan cunha terminoloxía específica, ás veces de difícil comprensión para o profano. Para facilitar a correcta interpretación destes termos, explícase a pé de páxina o significado dalgunhas palabras e conceptos a medida que van aparecendo.

A continuación, podes consultar neste **Glosario**¹ as palabras pertencentes ao campo semántico da ferrería:

1. FONTES CONSULTADAS:

1. [Dicionario](#)  online RAG.
2. Dicionario Xerais.
3. Clodio González Pérez: *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo*. Deputación de Lugo. 1994)

ADMINISTRADOR: Persoa responsable de levar o control de ingresos e gastos durante a fundición e que ao remate da tempada anual presentaba as contas ao abade do mosteiro, propietario da ferrería; adoitaba realizar o traballo un monxe do mosteiro de Samos chamado “prior da ferrería”.

AGOA: 1. Cada unha das fornadas da fundición (a duración era dunhas catro horas e facíanse 4 ou 5 cada día, sen deixar arrefriar o forno para reducir o gasto de combustible, e obtiñan aproximadamente un quintal macho en cada unha); SIN.: *fornada*. 2. Ferro que sae en estado pastoso ao rematar a fundición e que se estira co mazo; SIN.: *zamarra*.

AROZA: Capataz ou encargado da ferrería. Tamén traballaba como tirador. Era o que máis gañaba, pois a boa marcha da ferrería dependía del. É unha palabra de orixe vasca.

BANZADO: Encoro onde se deposita a auga que vén pola canle dende a presa do río. Adoita ser de forma rectangular, longo e estreito. Podía ser de pedra, lousa ou xisto, ou combinando con madeira. A auga que move as rodas, volve ao río por outra canle.

BARQUÍN: Fol grande alongado, coa parte superior de madeira e o resto de coiro, usado para avivar o lume da forxa.

BIGORNIA: Peza de ferro ou aceiro que vai espetada no chan nunha pedra ou nun tronco de madeira, sobre a que dá o mazo; SIN.: *zafra*, *bigornia*.

CALCINADOR: Persoa que coce o mineral, ao aire libre, formando unha pila de mineral e madeira verde; o mineral está ardendo regularmente durante varios días (6 ou 8), ata que, unha vez frío, se pon en estado case metálico.

CALCINAR: Quentar a vea para que perda as substancias volátiles e se despregue con maior facilidade; SIN.: *cocer*.

CANLE: Conduto que leva a auga desde a presa ou chapacuña ata o banzado.

CARBOEIRA: Local no que se almacenan o carbón e a leña necesarios para a forxa; SIN.: *leñeiro*.

CEPO: Toro groso dunha árbore (carballo, polo xeral) onde se espeta a ingre ou bigornia.

CHAPACUÑA: Presa de pedras e troncos feita nun río para desviar a auga para a canle da ferrería; SIN.: *presa, represa*.

CHIMBO: Mecanismo que permite a saída de auga sobre as pas da roda.

CRIBA: Utensilio circular, cun fondo con malla metálica ou buratos finos, que se emprega para separar as partículas máis grosas (neste caso do mineral de ferro).

ESCOURA: Material inservible que queda ao reducir os minerais.

ESPALMAR: Adelgazar o ferro no mazo ata convertelo en láminas ou bandas.

FERREIRO: 1. Home que traballa o ferro na forxa. 2. Home que funde o mineral nas ferrerías; SIN.: *ferrón*.

FERRÓN: Home que funde o mineral nunha ferrería-fundición; SIN.: *ferrero* 2.

FOL: Instrumento formado por dúas táboas horizontais e costados de pel, formando unha cavidade que, ao ser oprimido, produce aire a presión.

FORNADA: Cada unha das coceduras do mineral (a duración era dunhas catro horas e facíanse 4 ou 5 cada día, sen deixar arrefriar o forno, para reducir o gasto de combustible, e obtíñan aproximadamente un quintal macho en cada unha); SIN.: *agoa* 1.

FORXA: 1. Parte da ferrería onde están o mazo, os barquíns e o forno ou forxa de fundir. 2. Fogar da ferrería onde se quenta o ferro; SIN.: *forno*.

FUNDIDOR: Persoa que carga o forno alternando capas de carbón e leña e coida que arda ben para que haxa unha boa fusión. Tamén coida dos barquíns, etc. Sempre había dous.

INCRE: Peza de ferro ou aceiro que vai espetada no chan nunha pedra ou nun tronco de madeira, sobre a que dá o mazo; SIN.: *zafra, bigornia*.

MAZO: 1. Enxeño mecánico-hidráulico que ergue e deixa caer un martelo grande de ferro —o mazo— que dá sobre a ingre. 2. A parte metálica —o martelo— que malla o ferro.

PRESA: Dique de pedra e, ás veces, madeira, que se fai nun río para desviar o curso da auga para o banzado; SIN.: *chapacuña*.

QUINTAL: Unidade de peso que se empregaba para a vea do ferro. A súa equivalencia era 57,5 kg (no caso do quintal galego; o quintal castelán era de 46 kg). Quintal macho: a carga coa que rexe un macho ou besta; o valor dependía das zonas (Ex.: quintal macho galego: un quintal e medio normal, é dicir, 86,25 kg. En Gipúscoa: 69,3 kg).

RODA: Parte do mazo que transforma a forza da auga en movemento. Consta dunha roda grande con aspas ou pelas, que ao xirar moven o barquín, o mazo, etc.

TAZADOR: Persoa que, coa axuda dun martelo, esmiúza a vea de xeito que as pedras non superen o tamaño dunha noz. Despois, penéiraa para separar os cachos máis pequenos dos grandes.

TIRADOR: Persoa que saca a agoa ou zamarra do forno e estíraa no mazo, facendo dela bandas ou láminas. Deste modo remataba a operación e podían iniciar outra fornada.

VEA: Mineral que se beneficia (traballa) nas ferrerías.

VENAQUEIRO: Persoa que arranca a vea nas veneiras ou veneiros. Ocupación temporal, en verán ou outono, previa ao traballo na ferrería.

ZAMARRA: O ferro que sae en estado pastoso ao rematar a fundición e que se estira co mazo; SIN.: *agoa*.

4. DESPOIS DA LECTURA

Agora que xa acabaches de ler a novela, podemos facer unha valoración crítica da mesma.

52. Que che pareceu? Gustouche? Decepcionoute?
53. Como definirías esta historia? Quizais outro termo?
- a) fantástica b) misterio c) intriga d) histórica
54. Sorprendeuche o desenlace ou xa prevías que ía rematar así?
55. Que pistas apareceron nos capítulos previos que xustifican o desenlace —o “Epílogo” —? Cal das fotografías de Sara resulta determinante para as pescudas de Olalla?
56. A historia de Sara queda, en certo modo, sen pechar no “Epílogo”. Que cres que sucederá a continuación? Tomará algunha determinación ou permanecerá no mesmo lugar? Como interpretas a súa actitude? E o seu estado de ánimo?
57. Por que a novela que escribe Olalla leva o mesmo título ca a segunda parte da novela —*O sol da alquimia*—? Que supón esta coincidencia?
58. Que personaxe che pareceu máis interesante? E menos?
59. Resultouche interesante o que aprendiches sobre as ferrerías? E sobre a alquimia?
60. Paréceche que, como opina Anxos, os alquimistas foron os precursores dos actuais químicos? Atopas algunha semellanza entre o cuarto secreto da novela e o laboratorio de química do teu centro?
61. Resume oralmente a novela en dous ou tres minutos, aproximadamente.
62. Estás de acordo con esta valoración crítica da novela?

Neses tempos e nese lugar desenvólvese unha poderosa intriga sobre o mundo da vella siderurxia das ferrerías tradicionais, que ten papel coprotagónico na obra xunto a unha cativadora trama alquímica. [...] Mais non cabe dúbida de que Díaz Núñez conseguiu revisitar esta temática (a alquimia) de xeito atractivo e ben ameno (Armando Requeixo, *Galicia Confidencial*, 26-VIII-2012.)



63. **Creación.** Anímaste a crear algunha imaxe, texto literario ou audiovisual? Velaquí varias propostas:

- 🍷 Nube de palabras coas que consideras que sintetizan o contido da novela.
- 🍷 Marcapáxinas que conteña unha frase da novela e unha imaxe sobre algún aspecto da mesma (espazo, personaxes, tema...). Técnica libre, tamaño 21 x 5.
- 🍷 Ilustración dalgún capítulo ou personaxe.
- 🍷 Banda deseñada sobre algún episodio ou escena.
- 🍷 Monólogo dunha personaxe. Duración: entre 2 e 4 minutos.
- 🍷 Diálogo entre varias personaxes. Duración: entre 2 e 4 minutos.
- 🍷 Recreación da historia ao modo dun conto contado coma os relatos na novela.
- 🍷 Vídeo presentación.



*Gustaríame coñecer a túa opinión.
Podes contactar comigo e deixarme comentarios ou
preguntas sobre a novela nos enderezos seguintes:*

✉ celiadiazn@gmail.com

🌐 <https://celiadiaz.gal>

📷 <https://www.instagram.com/celiadiazn>

📘 <https://www.facebook.com/celia.diaz.716>

🐦 <https://twitter.com/CeliaDiazN>